

Estimadas familias:

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional publicou no DOG de onte a **ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21 (código de procedemento ED330B)**

Existen dous tipos de axudas:

a) **Material escolar:** Para todo o alumnado que realice **Educación Primaria** no curso 2020/2021. A axuda será de **50€** se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€

b) **Libros de texto:**

1) Alumnado que no vindeiro curso realizará **1º e 2º de Educación Primaria:**

- Axuda de **210€**, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
- Axuda de **140 €**, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€

2) Alumnado que no vindeiro curso realizará **3º e 4º de Educación Primaria:**

- **6 libros**, se a renda per cápita é igual ou inferior a 6.000€
- **4 libros**, se a renda per cápita é superior a 6.000€ e igual ou inferior a 10.000€

(O alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria non pode solicitar o fondo de libros ao estar incluídos no proxecto de Educación Dixital E-Dixgal. Unicamente poderán optar ás axudas de material escolar. A solicitude é a mesma.)

❖ No caso de varios irmáns entregárase unha única solicitude na que se recollan os datos de todos eles.

Os datos da renda refírense ao exercicio 2018, (**a consulta é automática por parte da Consellería**, sempre que o/a solicitante non a denegue).

Para os datos referidos á unidade de convivencia terase en conta a data de 31 de decembro de 2018.

A renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2018 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez.

As solicitudes poderán presentarse de varias maneiras:

a) por vía electrónica nos formularios normalizados (anexos I e II) dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

b) Presencialmente nos centros educativos, para o cal se vos envía o **Anexo I e Anexo II** (envíase en adxunto ou pódese recoller no centro educativo), que tedes que entregar debidamente

cumprimentado. (É preciso entregar tamén copia do **libro de familia** onde figuren todos os membros computables).

Os anexos a cumprimentar tamén estarán dispoñibles na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipbarrantes/>).

O prazo para devolver cuberta a solicitude **remata o 19 de xuño** (pregámosvos que non o deixedes para os últimos días).

A **devolución dos libros do presente curso** (3º e 4º de Primaria) **debedes facelo entre o 22 e 24 de xuño**, xa que é preciso ter a devolución feita para poder tramitar o préstamo para o curso seguinte.

As listaxes de admitidos e excluídos das axudas e do fondo de libros publicaranse nas seguintes datas:

Listaxe provisional: 29 de xuño

Listaxe definitiva: 6 de xullo

Se tedes calquera dúbida poñédevos en contacto co Equipo Directivo.

Un saúdo

O Equipo Directivo